

15.— Concédese subvención ó Concello de Marín para a realización da obra 2012000079, denominada “Rehabilitación de equipamento para servizo público de hostalaría na praia de Portocelo”, incluída no Plan de Investimentos da Deputación 2009-2011.

16.— Concédese prórroga do contrato coa Asociación Galega de Bandas de Gaitas e Percusión da Provincia de Pontevedra para a formación da música tradicional dos xoves da provincia.

17.— Rogos e preguntas: Non houbo.

O Secretario Xeral, Carlos Cuadrado Romay.

2012003213

## AYUNTAMIENTOS

### PONTEVEDRA

*Expediente* Sesión plenaria de 19.03.2012 Ref. 6/2012

*Trámite* Extracto acordos adoptados

De conformidade co sinalado polo artigo 197 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise público o extracto comprensivo dos acordos adoptados na sesión plenaria deste Concello que tivo lugar o día 19.03.2012.

ASUNTO	RESULTADO
Aprobación dos borradores das actas das sesións ordinaria de 20.02.2012 e extraordinaria e urxente de 12.03.2012.	Aprobado
Cultura: Expediente denominación de rúas de nova apertura nº 2/2012	Aprobado
Dación de conta de sentenza ditada pola Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de casación interposto por este Concello contra a sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no recurso número 02/5469/2003, interposto pola entidade mercantil TEIJA ESPAÑA, S.A., contra acordo do pleno do Concello de 29.03.2003 de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana.	Dada conta
Moción do Partido Popular relativa ás obras de saneamento no rural.	Rexeitado
Coñecemento de resolucións e decretos	Tomou coñecemento

Poderá obterse maior información, de así desexarse, con consulta da acta, logo da súa petición.

Pontevedra, 26.03.2012.— O Secretario Xeral do Pleno, José Luís Mato Rodríguez.

2012003170

\* \* \*

## V I G O

### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DA TRAVESÍA DO PINO NÚM. 6 (EXPT. 13281/411)

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2012, adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.*— Arpobar definitivamente o «Estudo de detalle Travesía de Pino nº 6», promovido pola mercantil Promociones Bonafides, S.L., redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Mar Martínez Boga, con visado colexial do 28.02.2011.

*Segundo.*— Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o presente acordo, xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con

todos os planos e documentos que o integran sobre os que recaia o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario do Concello, facendo constar o dito extremo.

*Terceiro.*—Publicar o presente acordo no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción, facendo constar no anuncio a remisión da documentación indicada no apartado anterior á Consellería, e publicar no documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra; así mesmo, publicárase na páxina de internet do Concello de Vigo.

*Cuarto.*—Notificar o contido íntegro deste acordo aos interesados, entre os que se contarán as comunidades de propietarios dos edificios da Avda. Alcalde Gregorio Espino nº 8 (esquina Travesía de Pino) e Telefónica de España, S.A. (rúa Urzáiz, nº 133), con indicación de que o mesmo pon fin á vía administrativa e que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a data da notificación, sen prexuízo de calquera outro que estimen oportuno.”

*Normativa e ordenanzas:*

*“4.1. Condicionantes previos.*

Se trata de una parcela sin edificar situada en la calle Travesía Pino nº6, en el municipio de Vigo, que se encuentra en una manzana consolidada en su totalidad a excepción de dicha parcela. El edificio colindante con ésta al sureste (esquina de Travesía de Pino con Gregorio Espino), consta de diez plantas, creando sobre la parcela no edificada una pared medianera ciega. El sólido que permite construir el vigente PXOM, de cuatro alturas (B+III), no alcanzaría a tapar esta medianera, quedando vistas cinco plantas de pared ciega, con los problemas estéticos que ello ocasionaría.

El presente Estudio de Detalle recoge estas circunstancias tratando de poner un reparto del derecho edificatorio de la parcela, con objeto de solucionar el problema descrito anteriormente.

*4.2. Criterios adoptado.*

En aplicación de lo establecido en el epígrafe 7 del artículo 9.3.11, así como del epígrafe 4 del artículo 9.3.21 de las normas urbanísticas vigentes, los criterios manejados en la propuesta del presente Estudio de Detalle son los siguientes:

Se propone construir un edificio que tape en mayor medida la medianera creada por el edificio colindante, sin superar el derecho edificatorio máximo establecido en el PXOM (1.280 m<sup>2</sup>), y cumpliendo con las siguientes características:

- Número de plantas: Se propone construir un edificio de ocho plantas (B+VII), de tal forma que las cuatro plantas primeras ocupen todo el frente de la parcela (16,00 m) hasta una altura máxima de 15,00 m, y las cuatro restantes, ocupen 9,75 m de este frente, construyéndose adosadas a la medianera que se pretende tapar, en el lado izquierdo. De esta forma, se construirá la edificación de forma que en sus últimas cuatro plantas, forme una fachada vista hacia el noroeste, en lugar de la pared medianera ciega actual, con un retranqueo lateral respecto al edificio colindante a la derecha de la parcela de 6,25 m.
- Fondo edificable: Tal y como establece el vigente PXOM, la parcela tiene fijado un fondo edificable máximo de 20 m. Este fondo edificable se aplicará únicamente en la planta baja de la edificación que se pretende construir (16,00 x 20,00 m), dejando libre la superficie restante de la parcela para uso de patio privado del edificio. Las restantes plantas tendrán un fondo de 10,82 m que viene fijado por lo establecido en el epígrafe b), del punto 2 del artículo 73 de la ley 9/2002, modificado por las leyes 15/2004 y 4/2010 que indica:

2. Los estudios de detalle en ningún caso podrán:

*b) Incrementar el aprovechamiento urbanístico.*

De esta forma, la edificación que se pretende proyectar cumple con lo indicado en dichos artículos, a pesar del mayor número de plantas.

- Rasantes: Se adoptará la existente de la calle Travesía Pino.
- Vuelos: Se pretenden proyectar cuerpos volados de 45 cm en la fachada principal respetando lo establecido en el artículo 6.6.19 de las Normas Generales de Edificación sobre salientes o

vuelos en fachadas, y el artículo 9.3.19 sobre salientes y vuelos en fachada dentro de la Ordenanza 3. Así, tal y como se indica en el epígrafe 1 de este artículo, para una calle de ancho igual a 10 m (Travesía Pino), se permitirán salientes de un máximo de 45 cm respecto al plano de la fachada. Estos salientes estarán a una distancia de 70 cm de los linderos laterales, y no superarán el 50% de la longitud total de la fachada.

El resultado de la propuesta se recoge gráficamente en los planos números 07 y 08 de la documentación gráfica aportada.

#### 4.3. Cuadro comparativo.

##### DERECHO EDIFICATORIO SEGÚN PXOM

Fondo máximo edificable: . . . . .	20,00 m
Ancho máximo solar: . . . . .	16,00 m
Sup. por planta (16,00 m x 20,00 m): . . . . .	320,00 m <sup>2</sup>
Plantas 1 <sup>a</sup> a 4 <sup>a</sup> (320,00 x 4 plantas) . . . . .	1.280,00 m <sup>2</sup>

##### PROPUESTA ALTERNATIVAS

Sótano:	16,00 m x 20,00 m x 1 planta =	320,00 m <sup>2</sup> (NO COMPUTA)
Bajo:	16,00 m x 20,00 m x 1 planta =	320,00 m <sup>2</sup>
Plantas 1 <sup>a</sup> -3 <sup>a</sup> :	16,00 m x 10,82 m x 3 plantas=	519,72 m <sup>2</sup>
Plantas 4 <sup>a</sup> -7 <sup>a</sup> :	9,75 m x 10,82 m x 4 plantas=	422,28 m <sup>2</sup>
Vuelos:	0,45 m x (8,00x3) + (4,00x4)=	18,00 m <sup>2</sup>

**TOTAL COMPUTABLE: 1.280,00 m<sup>2</sup>**

Vigo, 12 de marzo de 2012.—A Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, María del Carmen Silva Rego. **2012003171**

\* \* \*

## A ESTRADA

### EDICTO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de marzo de 2012 se aprobaron as liquidacións correspondentes ao padrón do Imposto de vehículos de tracción mecánica do ano 2012.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.